



INFORMACIÓN AO ALUMNADO DO NIVEL C1.1-2

1. BENVIDA E PRESENTACIÓN. HORARIO DE TITORÍAS

Profesora: Marta Gago

Horario de atención alumnado: Mércores de 19.30h – 20.00h e xoves de 9.00 a 9.30.

Enderezo electrónico: marta@eoivga.org

2. CONFIRMACIÓN DE HORARIOS E METODOLOXÍA

AULAS PRESENCIAIS. As aulas son **os luns e mércores, de 17.30h a 19.30h**. A metodoloxía a seguir baséase no enfoque comunicativo, e se traballarán contidos orientados a mellorar as destrezas de expresión oral e escrita, principalmente, así como a resolución e consolidación de contidos lingüístico-gramaticais, e outros. Ver a secuenciación e contidos do curso na programación do departamento de inglés, que se actualiza e publica cada ano na web. As aulas non se centrarán na resolución de dúbidas individuais (petición de titoría), e tampouco se traballará a preparación de tarefas de exame, aínda que ocasionalmente se poidan facer prácticas.

AULAS ONLINE. O curso terá unha aula virtual, o acceso á cal se dará máis adiante no curso. Nesa aula virtual non se impartirán aulas online, senón que terá a funcionalidade de centro de recursos dinamizado segundo as necesidades da aula presencial e do grupo. Cómpre, para progresar de maneira adecuada, vir regularmente ás aulas.

3. MATERIAIS DO CURSO

3.1. MATERIAIS

C1.1	Inglés	<i>English File 4th Edition C1.1. Student's Book and Workbook with Online Practice.</i> Oxford UP.	9780194058186	Inglés
------	--------	--	---------------	--------

LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

DICIONARIOS

Cambridge Dictionary <https://dictionary.cambridge.org/dictionary/english/>

Merriam-Webster <https://www.merriam-webster.com/>

Thesaurus <https://www.thesaurus.com/>

GRAMÁTICA

My Grammar Lab Intermediate B1/B2 with key, by Mark Foley and Diane Hall.

My Grammar Lab Intermediate C1/C2 with key, by Mark Foley and Diane Hall.

English Grammar in Use Intermediate with key, by Raymond Murphy.

English Grammar in Use Advanced with key, by Raymond Murphy.

PRONUNCIACIÓN

English Pronunciation in Use. Advanced. Cambridge UP in [Youtube](#)

VOCABULARIO

Oxford Word Skills Advanced Student's Pack (Book and CD). Oxford UP

English Idioms in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University UP

English Phrasal Verbs in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge UP

LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS Consultar a web do centro www.eoivga.org Departamentos > inglés > Bibliografía e libros de texto > Outros materiais recomendados > Libros de lectura recomendados



3.2. PROGRAMACIÓN E NIVEL DO CURSO: C1 (primeiro curso) do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas. Os obxectivos do curso poden consultarse na programación didáctica do departamento de inglés do curso 2025-2026. Poderase consultar en <http://eoivga.org/>

4. CAMBIOS DE GRUPO

O alumnado empregará CENTROS.NET para solicitar o cambio de grupo. O prazo será do 26 ao 29 de setembro. Darase máis información proximamente.

5. AVALIACIÓN

O curso dividirase en dous cuadrimestres. O alumnado será informado previamente e con antelación suficiente do relativo ás probas de lingua que sexan obxecto de avaliación para catro destrezas (A1, A2, A1-A2) e cinco destrezas (B1, B2, C1 e C2) no curso 2025-2026; segundo o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado establecidos pola Consellería de Educación.

O alumnado poderá consultar en **CENTROS.NET** os resultados das diferentes probas. Pode acceder a CentrosNet a través da web da escola.

6. ADAPTACIÓN A PROBAS

De precisar adaptación para as probas por algunha necesidade educativa especial, deberon facelo no momento de matrícula. Aconséllase ao alumnado falar coa docente en caso de precisar adaptación dos materiais de aula e por calquera outro motivo que considere necesario para o desenvolvemento do curso.

7. RECLAMACIÓNS AS CUALIFICACIÓNS

O profesorado facilitará ao alumnado a revisión de todas as probas realizadas, e poderán consultar en CENTROS.NET os resultados acadados. Trala publicación haberá unha data para a revisión do exame. O alumnado que estea en desacordo coa súa cualificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da EOI no prazo de dous días hábiles contados a partir da publicación da nota final (unicamente aplicable ás convocatorias ordinaria e extraordinaria).

8. DATAS IMPORTANTES

- **INICIO DAS CLASES:** luns 15 de setembro no horario habitual de cada grupo.
- **INICIO SERVIZOS EMPRÉSTITO BIBLIOTECA:** luns 15 de setembro previsiblemente. Informarase na web.
- **CONVOCATORIAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA:** A data exacta está por determinar pola Consellería de Educación. O alumnado será informado previamente e con antelación suficiente no relativo ás probas de lingua que sexan obxecto de avaliación no curso 2025-2026.
- **ELECCIÓN DE DELEGADO/ REPRESENTANTE:** Do 20 ao 24 de outubro.
- **PRIMEIRA XUNTANZA DE REPRESENTANTES:** Semana do 3 de novembro.

DÍAS NON LECTIVOS

31 de outubro: día do Ensino.

3 de novembro: día non lectivo.

8 de decembro: Inmaculada.

22 de decembro a 7 de xaneiro: Nadal.

16, 17 e 18 de febreiro: Entroido.

30 de marzo ao 6 de abril: Semana Santa.

1 de maio: Día do Traballo.

22 de maio: Santa Rita, festivo local Vilagarcía.

24 de xuño: San Xoán

???: día non lectivo centros de Vilagarcía.



Seguídenos nas redes



!!!
Se queres que as novas que se publican na portada da web te cheguen ao teu correo eoivga.org, ou outro, podes subscribirte ao boletín de novas desde a ligazón que atoparás á dereita en www.eoivga.org.